

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E O
CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
RELACIONADAS COA EMIGRACIÓN GALEGA**

En Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a Secretaría Xeral da Emigración, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 255/2012, do 20 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, D. Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, actuando en nome e representación do Consello da Cultura Galega, segundo consta no artigo 14 do Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega.

Ambas as dúas partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir, e a estes efectos,

EXPOÑEN

A Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013 do 13 de xuño, da galegitude, relacións coas comunidades galegas no exterior e política de retorno en Galicia. A Secretaría Xeral da Emigración ten interese na promoción, conservación e recuperación de patrimonio cultural galego da nosa emigración.

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Por todo o exposto, ambas as dúas partes intervenientes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

Constitúe o obxecto deste acordo o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Consello da Cultura Galega para a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

SEGUNDA.- Compromisos das partes.

1.- A Secretaría Xeral da Emigración asome o compromiso de contribuír ao financiamento dos gastos necesarios derivados da realización dos obxectivos deste acordo de colaboración, no importe e con cargo á aplicación orzamentaria que se sinala na cláusula seguinte.

2.- O Consello da Cultura Galega comprométese a:

- a) Destinar o importe do acordo a realizar as actuacións necesarias para realizar os obxectivos do acordo e sufragar ás empresas e profesionais que realicen os traballos necesarios para o cumprimento do mesmo.
- b) Difusión da exposición «Os adeuses», traslados, montaxe e produción desta exposición por varias localidades da Arxentina e Montevideo. Difusión da exposición «Galicia imaxinada. A imaxe de Galicia nas revistas da emigración»; traslados, montaxe e produción desta exposición por varias localidades de Galicia.
- c) Elaboración dunha páxina web sobre o patrimonio cultural da emigración galega. Este espazo virtual de documentación sobre a emigración galega está previsto no Plan Director para a conservación do patrimonio documental das sociedades de emigrantes.
- d) Facilitar e ceder á Secretaría Xeral da Emigración para a súa incorporación e publicación na páxina web <http://emigracion.xunta.es> e para a difusión nas entidades galegas no exterior, do material executado no cumprimento deste acordo.
- e) O nome e o anagrama das dúas institucións figurarán de maneira visible e terán un espazo similar en todas as actuacións que se realicen na execución do presente acordo, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión publicitaria.
- f) Ambas partes acordan difundir este acordo, informando sobre a súa execución nas páxinas webs de ambas institucións.

TERCEIRA.- Financiamento.

O importe total do presente acordo é de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €), que serán achegados pola Secretaría Xeral da Emigración ao Consello da Cultura Galega para a realización dos obxectivos fixados no presente acordo, con cargo á aplicación 04.30.312C.640.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

A Secretaría Xeral da Emigración transferirá o importe de 35.000,00 € unha vez asinado o acordo. Dita transferencia dará lugar a un expediente de ampliación de crédito que será tramitado polo Consello da Cultura Galega nos seus orzamentos que ten asignados e, concretamente, na aplicación orzamentaria 03.01.111D.640.0.

O Consello da Cultura Galega terá que realizar todas as actuacións necesarias para o cumprimento do acordo e remitir unha memoria xustificativa dos traballos realizados e relación detallada dos gastos incorridos para a consecución dos obxectivos do acordo, que terá que ser aceptada de conformidade pola Secretaría Xeral da Emigración.

Procederase á devolución total ou parcial da cantidade achegada pola Secretaría Xeral da Emigración que non fose aplicada e xustificada polo Consello da Cultura Galega ao cumprimento do obxecto do acordo.

CUARTA.- Comisión de Seguimento.

Para o seguimento e interpretación deste acordo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente desta comisión, e dous representantes do Consello da Cultura Galega.

O réxime de funcionamento e os acordos da Comisión axustaranse ao establecido no capítulo II do Título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- Seguimento e control do desenvolvemento do acordo
- Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación e cumprimento do acordo.

QUINTA.- Equipo de Especialistas.

Para acometer as actividades obxecto do acordo, o Consello da Cultura Galega deberá contar cun equipo de especialistas de recoñecido prestixio na materia que deberán dirixir o traballo, comunicándollo á Secretaría Xeral da Emigración para o seu visto e praxe.

A dirección do equipo de traballo corresponderalle ao Director do Arquivo da Emigración Galega, que será o interlocutor habitual coa Secretaría Xeral da Emigración, da que recibirá as oportunas indicacións e a que lle dará conta das posibles incidencias, e ritmos das actividades, cando se lle requira. Así mesmo, deberá achegarlle á Secretaría Xeral da Emigración, cada dous meses, un informe acreditativo das actividades que se van realizando.

SEXTA.- Consentimento

As persoas que asinan o presente acordo manifestan o seu consentimento e autorización para que os seus datos persoais que contén o acordo, e o resto das especificacións, contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

SEXTA.- Vixencia.

O prazo de vixencia do acordo será desde a súa sinatura ata o día en que rematen as accións obxecto do acordo e en ningún caso mais alá do 31 de decembro de 2016.

As partes poderán modificar, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o acordo en calquera momento.

E en proba de conformidade co expresado neste acordo, asínase polas partes intervenientes no lugar e data citados no encabezamento.

O Secretario xeral da Emigración

O Presidente do Consello da Cultura Galega

Antonio Rodríguez Miranda

Ramón Villares Paz